



ACTA DA SESIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS, CELEBRADA O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2015, PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DA BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA E A GUÍA, EN EN BASE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL (EXPTE 14406-333).

Na Concellería de Deportes do Concello de Vigo (10º andar), sendo as 10:00 horas do día 14 de outubro, reúnese en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar a oferta para a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DA BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA E A GUÍA, EN EN BASE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL (EXPTE 14406-333)**, segundo a orde de inicio do expediente, asinada polo concelleiro-delegado de Deportes con data 29/09/15.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: D. José Manuel Fernández Pérez, concelleiro de Deportes do Concello de Vigo.

Vogal: D. José Ángel Otero Lamas, director deportivo do IMD-xefe da Unidade Técnico-Deportiva.

Secretario: D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, funcionario administrativo da concellería de Deportes.

Á sesión pública, asisten tamén:

- D. Manuel Rodríguez Hermida, co D.N.I. 36029773C, en representación da mercantil MECANO SPORT, S.L..
- D. Manuel Alonso Porto, co D.N.I. 35996263K, en representación da Federación Galega de Construción.

No anuncio publicado na páxina web municipal (perfil do contratante) se fixou a data de hoxe para a celebración do presente acto público, relativo á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentados polos interesados no seguinte expediente:



EXPEDIENTE n° 14406/333	Contrato menor de obras
Obxecto do contrato	OBRAS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DA BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA E A GUÍA, EN EN BASE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL (EXPTE 14406-333)
Orzamento máximo de licitación con IVE	58.120,01 euros

Procédese a apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a proposición económica presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado (con IVE) :

LICITADOR	OFERTA CON IVE ENGADIDO
Manten, S.L.	53.179,02 €
Prace Servicios y Obras, S.A.	52.133,65 €
Construcións, Obras e Viais, S.A.	56.000,01 €
Limonta Sport Ibérica, S.L.	52.664,21 €
Inntis Ingenieros Constructores, S.L.	50.820,00 €
Mecano Sport, S.L.	52.889,21 €

A continuación e de acordo co anuncio da licitación, no seu punto número 16, procédese do seguinte modo:

1º) Se exclúen as ofertas económicas que superan o presuposto máximo de licitación.

Non se exclúen ningunha das ofertas presentadas.

2º) Cálculo da media aritmética das ofertas (non computan a efectos do cálculo da media aritmética as ofertas que superan o presuposto máximo de licitación): 52.947,68 €.

3º) Unha vez calculada a media aritmética, se resta un 5% á mesma (2.647,38 €), tendo como conclusión que aquelas ofertas que se encontren por debaixo deste umbral ou límite (50.300,30 euros) son excluídas.



Non hai exclusións.

Resulta, polo tanto, que a **oferta económicamente mais vantaxosa** e que non se encontra incursa en valores anormais ou desproporcionados é a presentada pola mercantil **INNTIS, S.L.**, por un importe total de **50.820,00** euros (importe base de 42.000 € máis o 21% de IVE, que resulta en 8.820 €.

A continuación, a Comisión adoptou o seguinte acordo:

1º) Publicar a presente acta no Perfil do Contratante da páxina web municipal.

2º) Requerir á mercantil **INNTIS, S.L.** -por ser o licitador que presentou a oferta económicamente mais vantaxosa das admitidas- para que aporte a documentación contemplada no punto 18 do anuncio no prazo de 5 días hábiles como máximo contados a partir do seguinte ao da notificación.

Se non o fixera no indicado prazo entenderase que renuncia ao contrato, substituíndoo o participante que teña presentado a seguinte mellor oferta e aporte no mesmo prazo a documentación esixida. Tamén, se o seleccionado renunciase por calquer motivo ao contrato, será substituído polo seguinte da lista.

Finaliza a sesión ás 10:45 horas na data sinalada no encabezamento. E para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a presente Acta da que dou fe.

O Presidente

Asdo.: José Manuel Fernández Pérez.

O Vogal

Asdo.: José Ángel Otero Lamas.

O secretario

Asdo.: Rosendo Gonzalo Covelo Roma.